

*Nova Renascença. Outono de 1980. Número I. Volume I*

**Luz Pozo Garza**

**Formas de citación recomendadas**

**1 | Por referencia a esta publicación electrónica\***

POZO GARZA, LUZ (2011 [1981]). “*Nova Renascença. Outono de 1980. Número I. Volume I*”. *Nordés*: 3 (II Data), 39-40. Reedición en *poesiagalega.org. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.  
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/927>>.

**2 | Por referencia á publicación orixinal**

POZO GARZA, LUZ (1981). “*Nova Renascença. Outono de 1980. Número I. Volume I*”. *Nordés*: 3 (II Data), 39-40.

\* Edición dispoñíbel desde o 17 de xuño de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

## OLLADA NA POESÍA

por LUZ POZO GARZA

*NOVA RENASCENÇA. Outono de 1980. Número 1. Volume 1.*

*Aparece ista interesante Revista Trimestral de Cultura —propiedade da Asociación Cultural «NOVA RENASCENÇA»— en Porto e pode considerarse como mostra aberta da multiplicidade e riqueza da cultura científica e literaria do país irmán.*

*No Manifesto por uma «Nova Renascença» se incide no feito de que a cidade de Porto, soar das liberdades cívicas, vense manifestando nos derradeiros tempos cómo conscente do rol que pode asumir na vida social e cultural do país; non en balde foi noutrora o berce do movemento da Renascença, que hoxe parece rexurdir, clarificando posicións históricas, culturais i espirituais. O idearium da Renascença ten a vixencia permanente das outas empresas. Velahí as verbas nidias de Teixeira de Pascoaes en A Águia: «a cidade do Porto, que representa o norte do país», foi «o berçe da Renascença, o lugar carinhoso e natal onde ela desabrochou para criar raíces em toda a terra portuguesa».*

*Para que Porto leve a cabo o seu destino, NOVA RENASCENÇA fai un chamamento aos cidadanos e intelectuais en percura de apoio, a partir «do povo do Porto e do Norte».*

*Dentro do conxunto, hai que destacar as páxinas poéticas da revista, adicadas á poesía de Fernando Echevarría: Apogeu de Fruta e Morte, e Albano Martins: Dez Poemas.*

*A poesía de Fernando Echevarría apousa —nun rigorismo clásico que recorda a Guillén— unha fonda meditación sobor da vida, a morte i a perfección do arte simbolizadas na plenitudes frutal. O proceso de adensamento poético nos leva a unha gravidade interna e total do poema, que acada o peso específico da obra en sazón.*

*A síntesis dos contidos refréxase nas formas de expresión, nas verbas portadoras de semas de peso e gravidade, cuia relevancia semántica aca-*

*da unha dobre función, por aludir, en reflexiva confrontación, mesmo á natureza i ao arte:*

Entumescem os frutos na memoria.  
E adensam de água o peso  
aurífero que agrava cada coisa  
em guardando lugar que não sabemos.  
De vez em quando, como que uma hora  
abre a matriz ao vento  
e o fruto, de repente, se arredonda  
de madurez pelo verão adentro.  
Pende. Ao sabor se doura.  
Ou uma brisa de intelegência lento  
o perímetro envolve. E o adoça  
no sumo de metal e de seu peso.  
Ou não há fruto enquanto não repousa  
numa sílaba de ouro e pensamento.

*Albano Martins, pola fluencia do verso, que aumenta coa técnica do encabalgamento rítmico, pola ausencia de retórica e pola utilización de breves estruturas estróficas —que semellan ás veces, hai-kas ou uakas xaponesas— consegue tocar rápidamente unha soia nota do máis puro lirismo que fica soando no espírito do lector:*

*Asas que fossem*

Asas que fossem, tuas  
mãos podiam  
tocar a íntima  
nervura do silêncio.

*Benvída a nova revista portuguesa. Noraboa aos poetas.*

Vigo, febreiro, 1981

